

OS OSOS

<u>INTRODUCCIÓN</u>	2
<u>PROCESO</u>	3
<u>TAREFAS</u>	4
<u>RECURSOS</u>	6
<u>CONCLUSIONES</u>	7
<u>AVALIACIÓN</u>	8



EQUIPO OSO PANDA



EQUIPO OSO PARDO



EQUIPO OSO POLAR



EQUIPO OSO NEGRO

INTRODUCCIÓN



O primeiro proxecto, e esperemos que non o derradeiro, que imos levar a cabo neste curso, ten por título “OS OSOS”, eses animalíños que forman unha parte importante das historias, tanto ficticias como reais, das persoas.

Como ben sabedes, hai moitos tipos de osos. Non todos eles están no noso país, nin sequera na nosa comunidade, e incluso moitos deles só están na televisión ou de forma inanimada como peluches ou bonequiños.

Por esta razón, e continuando co proxecto que propuxo Nicoleo para a biblioteca, dende o Equipo de TICs vos propomos outro proxecto de investigación sobre os osos, pero un pouco diferente xa que o faremos todo no ordenador. Eso si, non esquezades que é importante tamén mirar libros para poder aprender!!

Esperamos que vos guste o proxecto e, así, poderemos levar a cabo outros diferentes, e esperemos que tamén divertidos.

PROCESO



Para levar a cabo este proxecto dividiremos o grupo en 4 equipos, que son os que aparecen na portada: Oso Panda, Oso Pardo, Oso Polar e Oso Negro.

Cada un dos equipos debe buscar información sobre o tipo de oso que lle tocou. Esta información a atoparedes no apartado de TAREFAS baixo o título de “Información do oso...”. Cada equipo debe encher a Folla de Información do seu oso, e cambiarlle o nome ó arquivo poñendo o nome do oso que debe estudar.

Ademais disto, imos buscar tamén información sobre osos de ficción. Moitos deles os coñecedes e, a outros, os ides coñecer xa que son, cando menos, curiosos. No apartado de TAREFAS tamén atoparedes a súa ficha que se chama “Osos de Televisión: Equipo...”. Nesta ocasión tamén cambiaredes o nome poñendo o nome do voso equipo.

Para buscar a información debedes utilizar as páxinas web que aparecen nos recursos, así como o buscador de Google ou Youtube.

Unha vez rematedes as tarefas podedes entregarlle ó voso titor ou ó responsable da Aula de Informática que estea de garda. Agora, a traballar!!!

TAREFAS



As tarefas que deberedes realizar son as seguintes:

1) BUSCA DE INFORMACIÓN SOBRE CADA ESPECIE DE OSO.

Encher a folla de datos sobre o animal que vos tocou no Equipo. Podedes atopalas aquí:

[EQUIPO OSO PANDA](#)

[EQUIPO OSO PARDO](#)

[EQUIPO OSO POLAR](#)

[EQUIPO OSO NEGRO](#)

A actividade debe incluír fotos dos animais e a información resumida que se pide; é dicir, sería importante ler a información e resumila, e non Cortar e Pegar das páxinas web.

Para facer esta actividade poderedes usar as páxinas web que aparecen no apartado de RECURSOS. Se vos fixades, unha das webs que se vos ofrecen é da WIKIPEDIA que é unha enciclopedia na que podedes buscar toda a información necesaria.

Ademais podedes buscar información en buscadores como Google. Lembraide que hai que contrastar a información e non quedar só co que hai na primeira web.

2) Buscar información sobre os seguintes osos de debuxos animados. Picando en cada imaxe atoparedes un documento coa información que hai que buscar de cada imaxe:



Para facer esta actividade debes utilizar o buscador de imaxes de Google, utilizando palabras como “Osos de dibujos animados” ou “Osos en la televisión”.

Cando atopedes as imaxes, podedes picar nelas e aparecerá a opción de “Visitar página”. Así poderedes atopar o nome dos debuxos e buscar a información que se vos pide deles, do mesmo xeito que fixemos na actividade anterior.

Ademais deberedes buscar un capítulo de cada serie e poñer o enlace. Para isto podedes utilizar o buscador de Youtube poñendo o nome da serie.

RECURSOS



WIKIPEDIA

FAMILIA DE LOS OSOS: <http://es.wikipedia.org/wiki/Ursidae>

OSO PANDA: http://es.wikipedia.org/wiki/Oso_panda

OSO PARDO: http://es.wikipedia.org/wiki/Oso_pardo

OSO POLAR: http://es.wikipedia.org/wiki/Oso_polar

OSO NEGRO: http://es.wikipedia.org/wiki/Oso_negro

SOBRE LOS OSOS: http://www.cecalc.ula.ve/bioinformatica/oso/sobre_los_osos_cont.htm

FUNDACIÓN OSO PARDO: <http://www.fundacionosopardo.org/index.php/portfolio/humanos-y-osos-una-historia-paralela/>

OSOS NOS ANCARES:

http://www.lavozdegalicia.es/noticia/sociedad/2013/01/14/poblacion-oso-pardo-crece-recoloniza-cabecera-navia/0003_201301G14P24991.htm

http://www.galiciaparaelmundo.com/blog/?page_id=51&recurso_id=3225

BUSCADOR DE GOOGLE: <https://www.google.es/>

BUSCADOR DE IMAXES DE GOOGLE: <https://www.google.es/imghp?hl=es&tab=wi>

BUSCADOR DE YOUTUBE: <https://www.youtube.com/>

CONCLUSIÓNS



Como conclusión desta actividade é importante salientar a necesidade de coidar o noso entorno, en concreto ós animais e plantas que nos rodean. O oso é un animal que non abunda no noso planeta e que, en moitas ocasións, chegou a estar en perigo de extinción.

O oso non é un animal moi habitual no noso entorno, pero si nas nosas vidas xa que seguramente todos tivemos un oso de peluche, vimos algún oso nun zoolóxico ou disfrutamos con eles na pantalla da televisión. Ademais tamén son moitos os contos baseados nas vidas de osos e as historias de osos famosos.

Por todas estas razóns e por moitas máis esperamos que disfrutádeses co proxecto e que aprendédeses moito co traballo. Agora chega o momento de escoller outro tema e poder realizar investigacións sobre todo aqueles temas que vos interesen.

Se tedes algunha suxestión ou dúbida estamos á vosa disposición.

AVALIACIÓN



Para realizar esta actividade teredes un mes, é dicir, ata mediados do mes de novembro. Se poderá levar a cabo na Aula de Informática durante os recreos ou no voso tempo libre, xa que estará colgado permanentemente na Aula Virtual do centro.

En caso de ter algunha dificultade coa realización do traballo poderedes consultar as vosas dúbidas aos responsables da Aula de Informática, é dicir, a Puri, Juan, Carlos, Manolo e Ana Vilar. Estaremos encantados de intentar resolvelas.

Ademais, para realizar as actividades debedes utilizar un procesador de textos e ter certas nocións de informática polo que se tedes algún problema avisade e intentaremos resolvelo.

Unha vez rematedes ás tarefas tedes que entregarllas tamén a estes responsables. Non haberá unha avaliación como tal, é dicir, non poñeremos nota aos traballos. Trátase de divertirse aprendendo, así que niso consistirá a avaliación. No voso interese no traballo e no que aprendíchedes realizando a actividade. Os traballos serán colgados na Aula Virtual.

Esperamos que o pasárades ben e que vos gustase tanto como para participar outra vez.